


NUMAX NA ESCOLA 2026/2027



La bola negra (Los Javis, 2026)

EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de secundaria e bacharelato cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes.

 Incorporacións
no catálogo 2026/2027

VO: Versión orixinal no idioma
indicado e sen subtítulos

VE: Versión dobrada
ao español

VOSE: Versión orixinal
subtitulada en español

VOSG: Versión orixinal
subtitulada en galego en galego

-  Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, *making of*) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
-  O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
-  **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
-  **Prezo:** **4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
-  Estas condicións serán válidas para grupos mínimos de 40 estudantes.

 numax.org/na-escola
 escola@numax.org
 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)

Educación en igualdade

CORREDORA ^(NI)

Laura García Alonso, 96', Catalán, VOSE, +12

Cris, unha corredora de elite, sofre un brote psicótico que a obriga a afastarse da alta competición. Non todos ao seu carón poderán ou saberán como axudala pero Natalia, a súa irmá, será o seu refuxio para aceptar a súa condición e redefinir o seu ritmo de vida.

🏆 Coidados / Saúde mental /
Deporte de alta competición

ALTAS CAPACIDADES ^(NI)

Víctor García León, 101, Español, VO, +12

Alicia e Gonzalo, unha parella de clase media, atópanse coa oportunidade de matricular o seu fillo Fer nun colexio elite. Para os pais supón asomar a cabeza na clase alta, novas amizades, maiores ingresos, vantaxes incontables. Din facelo polo seu fillo.

🏆 Comedia / Educación pública

IVÁN & HADOUN ^(NI)

Ilan de la Rosa, 101', Español, VO, +12

Iván namora de Hadoun, unha nova compañeira, no inverno de Almería onde ambos traballan. Con todo, o seu anhelado ascenso laboral interferirá na súa relación, forzándoo a decidir que tipo de persoa quere ser.

🏆 Dereitos das persoas trans /
Reivindicacións laborais

PRIDE (ORGULLO)

Matthew Warchus, 120 min, Inglés, VOSE



Sendo primeira ministra Margaret Thatcher, o Sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Durante a manifestación do Orgullo Gay en Londres, un grupo de lesbianas e gays dedícase a recadar fondos para axudar as familias dos traballadores, pero o sindicato non acepta o diñeiro.

🏆 Dereitos LGBTI / Sindicalismo

GIRLHOOD

Céline Sciamma, 112 min, Francés, VOSG

Marieme séntese agobiada pola súa familia, a escola e a implacábel lei dos rapaces do barrio, nas aforas de París. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.

🏆 4 Nominacións Premios César
🏆 Multiculturalidade / Violencia de xénero

SUFRAxISTAS

Sarah Gravron, 106 min, Inglés, VOSE



Inglaterra, comezos do século XX. Maud é unha traballadora do téxtil que comeza a militar de xeito activo no histórico movemento sufragista.

🏆 Mellor Deseño de Producción
Premios Cinema Europeo
🏆 Sufraxismo / Feminismo

Arte, cinema e literatura



O PRINCIPIÑO

M. Osborne, 2015, 106 min, Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do *stop-motion*.

🏆 Mellor Filme Premios Annie /
Sección Oficial Cannes
🏆 Espírito de superación / Autocoñecemento
O valor das pequenas cousas

DOROTHÉ NA VILA

Alejandro Gándara, Olaia Tubío, 85 min, Galego, VO

A musicóloga suíza Dorothé Schubarth chegou a Galicia a finais dos 70 na busca de cancións tradicionais que desapareceran no centro de Europa. Desta busca saíron as 300 horas de gravacións que forman o *Cancioneiro Popular Galego*.

🏆 Cancioneiro Popular Galego /
Memoria / Historia de Galicia

Historia e presente



LA BOLA NEGRA ^(NI)

Los Javis, 155', Español, VO, +12

As vidas interconectadas de tres homes en tres épocas distintas. Tres existenciais intimamente ligadas pola sexualidade e o desexo, a dor e a herdanza; e unha das últimas obras, inacabada, de Federico García Lorca.

🏆 García Lorca / Memoria histórica
/ Diversidade afectivo sexual

CASO 137 ^(NI)

Dominik Moll, 115', Francés, VOSE, +12

Stéphanie, axente de policía de Asuntos Internos, é asignada a un caso relacionado cun mozo gravemente ferido durante unha manifestación. O caso adquire aos poucos un cariz persoal ao descubrir que a vítima é da súa mesma vila ca ela..

🏆 Abusos policiais / Thriller xudicial

NO OTHER LAND ^(NI)

Basel Adra, Hamdan Ballal, Yuval Abraham, Rachel Szor, 95', Árabe, VOSE, +12

Basel Adra, mozo activista palestino de Masafer Yatta, en Cisjordania, loita desde a súa infancia contra a expulsión masiva da súa comunidade polas autoridades israelís.

🏆 Xenocidio en Palestina / Óscar
a mellor Documental

A LINGUA DAS BOLBORETAS

José Luis Cuerda, 97 min, Español, VO

Durante a Segunda República, nunha aldea de Galicia, don Gregorio ensina o pequeno Moncho toda a súa sabedoría e coñecementos de literatura, natureza e a vida en xeral. Porén, a ameaza fascista paira sobre a aldea e sinala o progresista don Gregorio. Adaptación de Rafael Azcona a partir de tres relatos de *Que me queres amor?* de Manuel Rivas.

🏆 Guerra Civil / Ensino / Adaptación literaria

A HISTORIA DE SOULEYMANE

Boris Lojkine, 92 min, Francés, VOSE

Mentres pedalea polas rúas de París para repartir comidas, Souleymane repite as súas historias. En dous días ten que pasar a entrevista de solicitude de asilo, a clave para obter papeis. Pero Souleymane non está preparado.

🏆 Precariedade laboral / Inmigración

EL 47

Marcel Barrena, 110 min, Catalán / Español, VOSE

El 47 conta a historia real dun acto de disidencia pacífica e o movemento veciñal de base que en 1978 transformou Barcelona. O condutor Manolo Vital apoderouse do autobús da liña 47 para desmontar unha mentira que o Concello non paraba de repetir: os autobuses non podían subir as costas do distrito de Torre Baró.

🏆 Disidencia pacífica / Movementsos sociais

EL MAESTRO QUE PROMETIÓ EL MAR

Patricia Font, 105 min, Español, VO

Ariadna descobre que o seu avó busca desde hai tempo os restos de seu pai, desaparecido na Guerra Civil. Para axudalo, viaxa a Burgos, onde están a exhumar unha foxa común na que podería estar enterrado. Alí coñece a historia de Antoni Benaiges, un anovador mestre republicano.

🏆 Guerra Civil / Memoria histórica

UN SACO DE BÓLAS

Christian Duguay, 100 min, Francés, VOSG

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph, dous irmáns xudeus, deben abandonar a súa familia para se salvar. Adaptación do clásico da literatura xuvenil de Joseph Joffo.

🏆 Premio Educacine Barcelona Film Fest
🏆 Segunda Guerra Mundial / Antisemitismo

KARL MARX DE MOZO

Raoul Peck, 112 min, Inglés-Francés-Alemán, VOSG

No París de 1844, tras exilarse, Karl Marx coñece a Friedrich Engels. Xuntos mudarán a historia política do movemento obreiro coa publicación de *O manifesto comunista*.

🏆 Historia política / Filosofía / Comunismo

Cinema galego



360 CURVAS (NI)

Alejandro Gándara / Ariadna Silva,
81 min, Galego, VO, +7

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Un camiño longo e difícil que reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia.

📌 Loitas veciñais / Historia de Galicia

MI ILUSTRÍSIMO AMIGO (NI)



Paula Cons, 80 min, Español, VO, +7

No século XIX, Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós viven a súa apaixonante historia de amor e creatividade. Emilia, unha muller adiantada ao seu tempo, escribe sobre temas controvertidos mentres desafia as normas sociais.

📌 Literatura española / Pardo Bazán - Galdós

ANTES DE NÓS

Ángeles Huerta, 83 min, Galego, VO

En 1918 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao regresa a Rianxo para traballar como médico durante a gripe española. Un heroe para o pobo, pero un home ausente para a súa muller, Virxinia. Biopic dunha das figuras máis relevantes da nosa historia recente.

📌 Castelao / Historia de Galicia

AS LIÑAS DESCONTINUAS (NI)

Anxos Fazáns, 90 min, Galego, VO, +12

Bea é unha muller de 50 anos que está a atravesar un divorcio e Denis é un mozo trans de 25. Coñécense cando el entra a roubar na casa dela e pese ao improbable da circunstancia, xorde entre eles unha forte atracción.

📌 Amizade

CUÑADOS

Toño López, 89 min, Galego, VO, +7

Eduardo (Miguel de Lira) e o seu cuñado Ebanis (Xosé A. Touriñán) acaban de meter a zoca nun dos seus negocios e precisan diñeiro con urxencia. Sabonis atopa a solución secuestrando a Modesto (Federico Pérez Rey), cuñado da empresaria Alicia Zamora.

📌 Comedia

OS FENÓMENOS (NI)



Alfonso Zarauza, 98 min, Galego / VE VO

Unha muller regresa a Ferrol para traballar de albanel. Malia as burlas iniciais, co seu espírito de traballo logra impoñerse nos andamios. Porén, a crise inmobiliaria pon en perigo os postos de traballo da súa cuadrilla.

📌 Crise inmobiliaria / Educación en igualdade

Adolescencias



AS NEVES

Sonia Méndez, 83 min, Galego, VO

As Neves é unha vila galega de montaña onde todos se coñecen. A noite de Entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa e dróganse con cogomelos. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a noticia de que Paula, unha das mozas da festa, desapareceu.

📌 Adolescencia / Redes sociais / Rural galego

CLOSE

Lukas Dhont, 105 min, Francés, VOSG

O filme explora a estreita amizade entre dous rapaces de trece anos, Léo e Rémi, en plena transición cara á adolescencia. Tratando de entender o que foi mal entre ambos, Léo buscará consolo e comprensión na nai de Rémi, Sophie.

📌 Amizade / Acoso escolar

DATING AMBER

David Freyne, 92 min, Inglés, VOSE

En Irlanda, a mediados dos 90, dous adolescentes, Eddie e Amber, finxen unha relación coa intención de que deixen de falar sobre a súa sexualidade.

📌 Diversidade sexual

Animación



YOUR NAME (NI)

Makoto Shinkai, 106 min, Xaponés, VOSE/VE

Pasou un mes desde que un cometa que visita a Terra cada mil anos fose avistado desde Xapón. Mitsuha é unha estudante que se lamenta da súa vida no campo canda a súa irmá pequena, a súa avoa e seu pai, un político ao que nunca ve.

📌 Anime / Astronomía

O CASTELO NO CEO (NI)

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE/VE

Sheeta é a única persoa no mundo que coñece o segredo da cidade flotante, resultado dunha civilización ao parecer extinguida. Pazu é un mozo rebelde que se vai cruzar no seu camiño.

📌 Studio Ghibli / Realismo máxico

FLOW, UN MUNDO QUE SALVAR

Gints Zilbalodis, 83 min, Sen diálogos, VO

Un gato esperta nun mundo cuberto de auga, onde a raza humana parece ter desaparecido. Busca refuxio nun barco cun grupo doutros animais. Pero levarse ben con eles resulta ser un reto aínda maior que superar o seu medo á auga. Oscarizada peza de animación que non precisa da palabra para hipnotizarnos de principio a fin.

📌 Ecoloxismo / Cambio climático

A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE/VE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

📌 Oscar Mellor Filme Animación

📌 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder

Clásicos



O GRAN DITADOR (NI)

Charles Chaplin, 128 min, Inglés, VOSE

Un humilde barbeiro xudeu volve a casa tras combater na guerra. Amnésico, non recorda nada da súa vida pasada, e non coñece a situación política actual: Adenoid Hynkel, un ditador fascista e racista chegou ao poder e iniciou a persecución do pobo xudeu.

📌 Holocausto / Filmes contra a guerra

EL VERDUGO (NI)

Luis García Berlanga, 90 min, Español, VO

José Luis casa coa filla de Amadeo, un verdugo profesional. Ante a axexante falla de medios económicos dos recén casados, Amadeo trata de persuadir a José Luis para que solicite a praza que el vai deixar vacante, o que lle daría dereito a unha vivenda.

📌 Clásico do cinema / Pena de morte

MATILDA (NI)

Danny DeVito, 98 min, VE/VOSE

Matilda Wormwood, unha nena moi curiosa e intelixente, descobre que ten poderes telequínéticos. Axiña chega á conclusión de que podería usalos para facer o ben, axudando aos que están en dificultades, pero tamén castigando a persoas crueis e perversas.

📌 Roald Dahl / Paixón pola lectura

Redes sociais e novos medios




UN "LIKE" DE BOB TREVINO

Tracie Laymon, 102', ING, VOSE

Lily Trevino é unha moza insegura e solitaria que vén de ser abandonada por seu pai. Cando decide seguilo en Facebook atopa un perfil co mesmo nome ca el. Así coñece a Bob Trevino, un home que perdeu o seu fillo e co que entabla unha estreita amizade que podería mudar a súa vida para sempre.

📌 Amizade / Redes sociais

LIBRARÍA NUMAX



A Librería NUMAX forma parte da cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro NUMAX S. Coop. Galega, desde onde tentamos dinamizar a nosa contorna cultural. Colaboras connosco?

- 📖 Orientación e selección de itinerarios bibliográficos temáticos para bibliotecas
- 🔊 Servizo de novidades editoriais
- 🎬 Selección e escolla de DVDs e Blu-Rays
- 👥 Asesoramento profesional e personalizado para a elección de libros de clubs de lectura
- 👁️ Posibilidade de realizar visitas organizadas á librería con acompañamento e guía das traballadoras
- ★ **10% de desconto en compras de centros educativos.** Contáctanos para facer os teus pedidos de libros, audiovisuais ou visitas no correo electrónico libreria@numax.org

Itinerarios

UN MUNDO POR DESCUBRIR



A historia de Galicia en 30 obxectos
David Gesteira
(AIRA)



Be water II: Terra
Antía Yañez
(CUARTO DE INVIERNO)




O mapa da túa sexualidade
Laura Veiga
(XERAIS)



Historia del arte en femenino
Sara Colaon
Marion Augustin
(GARBUX BOOKS)


DVDS RECOMENDADOS



La lengua de las mariposas
José Luis Cuerda
(DIVISA)



Chaplin. Todas sus comedias (1915-1917)
Charles Chaplin
(DIVISA)



Matar a un ruiseñor
Robert Mulligan
(ARVI)



Una bolsa de canicas
Christian Duguay
(A CONTRA-CORRIENTE)

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
libreria@numax.org

Desde 2019 NUMAX conta coa distinción Selo de **Librerías de Calidad**, certificación que outorga Acción Cultural Española (AC/E) e a Asociación de Cámaras do Libro de España.

Premio da Federación de Librerías de Galicia 2022

